

Belén Villar González voceira do Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Ponteareas, ao amparo do disposto no artigo 46.2.e) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante ese Pleno Corporativo a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Augas de Galicia (Xunta) rematou os traballos de adaptación do proxecto de Saneamento para Ribadetea, redactado no ano 2012, ao Plan Director que ten o Concello de Ponteareas, tal e como se comprometera.

Dado que este proxecto debe estar xa en mans do Sr Alcalde, e co fin de que non se demore no tempo a continuación do trámite para que a parroquia de Ribadetea teña a rede de saneamento, é convinte que canto antes se explique aos veciños da parroquia o trazado resultante, para poder realizar si fora preciso axustes en algún dos colectores propostos.

Unha vez aceptado por todos o proxecto, e dado que o Concello é o que ten atribuídas as competencias do tratamento das augas residuais e saneamento, debe ser o que dé continuidade á planificación da execución das obras decidindo as fases a acometer e fixar a previsión para que todos os veciños poidan estar enganchados á nova rede de saneamento.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Ponteareas, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar a AUGAS DE GALICIA (XUNTA) a:

- Que os técnicos que supervisaron os traballos de redacción do proxecto de adaptación das actuacións de Saneamento en Ribadetea ao Plan Director municipal, programen data para desprazarse á parroquia de Ribadetea e facer reunión explicativa cos veciños de cómo queda definitivamente o trazado dos colectores de toda a parroquia, incluído Cillarga.

En Ponteareas a 20 de xullo de 2020



Asdo: Belén Villar González

Att: PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL CONCELLO DE PONTEAREAS.